



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Economía da Empresa	Código	662G01010	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación	Rodrigues Soares, Jakson Renner	Correo electrónico	jakson.soares@udc.es	
Profesorado	Rodrigues Soares, Jakson Renner	Correo electrónico	jakson.soares@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é que o alumno observe a realidade empresarial do sector turístico, interpretea e poida extraer conclusións, tanto operativas coma estratéxicas. O contido da materia estrutúrase en catro partes. Na primeira parte analízanse os conceptos básicos acerca da empresa, o empresario e o ámbito empresarial. Na segunda parte abórdanse aspectos fundamentais sobre a dirección de empresas e a organización. A continuación analízanse as operacións no servizo. Finalmente, estúdanse os aspectos relacionados coa función financeira e de investimento nas empresas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Básicas e xerais		B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	
Transversais / Nucleares			C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Específicas	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26		



Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I: INTRODUCCIÓN	.
TEMA 1: A empresa e o empresario.	1.1 Concepto, elementos e tipos de empresas. 1.2 Teorías da empresa. 1.3 A empresa como realidade. 1.4 O enfoque da teoría xeralde sistemas. 1.5 A empresa competitiva. 1.6 Concepto de empresario e espírito empresarial. 1.7 La empresa turística: obxetivos, características e tipificación.
TEMA 2: O entorno empresarial.	2.1 Definición do entorno. 2.2 Tipos de entorno. 2.3 Concepto e estrutura do sector. 2.4 Tendencias actuais no sector turístico.
PARTE II: DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN	.
TEMA 3: A toma de decisións	3.1 O proceso de decisións e as sus fases. 3.2 Tipos de decisións. 3.3 Ferramentas para reducir a incertidume na toma de decisións.
TEMA 4: Obxetivos e estratexias empresariais	4.1 Concepto, características e tipos de obxetivos empresariais. 4.2 Concepto e elementos da estratexia. 4.3 Tipos de estratexias nas empresas turísticas.
TEMA 5: A dirección na empresa.	5.1 A función directiva: niveis directivos e perfil. 5.2 Funcións do proceso directivo. 5.2.1 Planificación: etapas, obxetivos e estratexias. 5.2.2 Organización e estrutura organizativa. 5.2.3 Xestión & dirección. 5.2.4 Control: fases, tipos e ferramentas. 5.3 Estilos de dirección. 5.4 O liderazgo.
PARTE III: OPERACIÓNS E PROCESOS	.
Tema 6: As operacións no servizo turístico.	6.1 A xestión da produción e das operacións. 6.2 Planificación de operacións. 6.3. Técnicas e ferramentas de planificación e programación de operacións.
PARTE IV: FINANCIAMENTO E INVESTIMENTO	.
TEMA 7: As funcións financeira e de investimento.	7.1 A empresa turística dende o punto de vista financeiro. 7.2 A función financeira e os obxetivos financeiros. 7.3 O investimento na empresa turística. 7.4 Selección de investimentos. 7.5 Fontes de financiamento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Traballos tutelados	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C5 C6 C7 C8	15	45	60
Sesión maxistral	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B4 B5 C2 C6	21	31.5	52.5
Presentación oral	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B4 C1 C3	2	2	4
Estudo de casos	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4	11	16.5	27.5
Proba obxectiva	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 C1 C6	2	2	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A partir dos temas abordados nas sesións maxistras propoñerase a realización dun traballo en grupo que consistirá na creación dunha empresa turística. O traballo desenvolverase polo alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionen a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia os materiais básicos e complementarios da materia.
Sesión maxistral	Explicaranse os contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, medios audiovisuais e cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe.
Presentación oral	Consistirá na exposición oral do traballo tutelado realizado ao longo do curso. Mediante o apoio de medios audiovisuais o alumno deberá presentar a empresa turística que creou ao resto dos asistentes. O traballo será exposto nas datas establecidas.
Estudo de casos	As actividades de estudo de casos tratarán sobre situacións reais centradas no ámbito turístico. Deste xeito, o alumno aplicará os coñecementos adquiridos durante as sesións maxistras mediante a participación activa e alcanzará un maior coñecemento da realidade. Para valorar a asistencia ás clases, as devanditas actividades poden ser realizadas en calquera día, hora e non necesitan de aviso previo ao alumnado.
Proba obxectiva	Realización dun exame final a través dunha proba escrita que versará sobre aspectos teóricos, prácticos ou teórico-prácticos correspondentes aos temas desenvolvidos na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como aqueles momentos de traballo presencial do alumno e profesor. Por este motivo, a participación do alumnado é obrigatoria. A forma e o momento en que sexan desenvolvidos indícarase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C5 C6 C7 C8	Valorarase a orixinalidade, o rigor metodolóxico, a profundidade do contido e a utilización de fontes documentais axeitadas.	20
Estudo de casos	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4	En relación co estudo de casos valorarase: A comprensión da situación presentada considerando a diversidade e complexidade dos factores que inciden no ámbito turístico. A profundidade da análise atendendo ao marco teórico traballado na materia. A capacidade de síntese e de adecuación das propostas de acción como resposta á situación presentada.	20
Proba obxectiva	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B3 B4 C1 C6	Para aprobar a materia é imprescindible que o alumno alcance o 50% do exame final.	50
Presentación oral	A2 A5 A6 A10 A11 A12 A13 A26 B1 B2 B4 C1 C3	Valorarase a claridade das opinións expostas en relación ás lecturas, a resolución de casos e a exposición dos traballos tutelados realizados ao longo do curso.	10

Observacións avaliación

O alumnado elixirá ao principio do cuatrimestre se queren avaliación continua ou non continua. No caso de que o alumno elixa a avaliación non continua a proba obxectiva será o exame final. Neste sentido, a nota final calcularase da forma seguinte:

-O sistema de avaliación continua realizarase segundo o establecido no apartado anterior, é dicir, a través do Estudo de casos (20%), Traballos tutelados (20%), Presentación oral (10%) e Proba obxectiva (50%). Para que o resto de cualificacións poidan sumarse á cualificación obtida no exame, é imprescindible que o alumno alcance o 50% da cualificación do exame final.

-Avaliación non continua: exame final (100%), contidos do traballo tutelado (0%) e exposición oral do traballo tutelado (0%), estudos de caso (0%). O exame final ten que ter unha nota igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos con avaliación non continua non se poderán presentar á proba ou probas obxectivas da avaliación continua.

-Na convocatoria de Xullo realizarase a proba obxectiva e, se se supera o 50% nesta proba escrita, sumaráselle a cualificación obtida nos traballos tutelados, presentación oral e estudo de casos obtidos durante o curso.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente á EUT-CENP poderá facer o exame final (100%) e para aprobar, terán que ter unha nota igual ou superior a 5 puntos. Ese alumnado terá a convocatoria de xullo como segunda oportunidade (100%). Igualmente, para aprobar, terán que ter unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Fontes de información

Bibliografía básica

ARANDA HIPÓLITO, A. (1998): "Dirección financeira para empresas turísticas (Inversión y Financiación)". Ed. Centro de Estudios Ramón Areces S.A. Madrid. CASANUEVA ROCHA, C., GARCÍA DEL JUNCO, J. y CARO GONZÁLEZ, F.J. (2000): "Organización y gestión de empresas turísticas". Pirámide. Madrid. FIGUEROLA PALOMO, M. (1995): "Economía para la gestión de las empresas turísticas". Manual I: "Organización y Financiación". Manual II: "Producción y Comercialización". Ed. Centro de Estudios Ramón Areces, S.A. Madrid. FIGUEROLA PALOMO, M. (1990): "Elementos para el estudio de la economía de la empresa turística". Ed. Síntesis. Madrid. MARTÍN ROJO, I. (2004): "Dirección y gestión de empresas del sector turístico". Pirámide. Madrid. PARRA LÓPEZ, E., CALERO GARCÍA, F. (2006): "Gestión y dirección de empresas turísticas". Mc Graw-Hill. Madrid. SUÁREZ SUÁREZ A.S. (1996): "Curso de introducción a la economía de la empresa". Pirámide. Madrid.



Bibliografía complementaria	AGUIRRE SABADA, A. (1992): "Fundamentos de economía y administración de empresas". Pirámide. Madrid. ARANDA HIPÓLITO, A. (1994): "Gestión técnica-económica de hoteles". Ed. Centro de Estudios Ramón Areces. Madrid. BUENO CAMPOS, E, et all. (1997): " Economía de la empresa. Análisis de las decisiones empresariales". Pirámide. Madrid. CUERVO, A. (1996): "Introducción a la administración de empresas". Civitas. Madrid. DOMÍNGUEZ MACHUCA, J.A., et all. (1990): "El subsistema productivo de la empresa: problemas y fundamentos teóricos". Pirámide. Madrid. KOONTZ, H. y WEHRICH, H. (1994): "Elementos de administración". Mc Graw-Hill. México. PÉREZ GOROSTEGUI, E. (1991): " Economía de la empresa (Introducción)". Ed. Centro de Estudios Ramón Areces. Madrid. SUÁREZ SUÁREZ, A. S. (1998): " Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa". Pirámide. Madrid.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución a Economía/662G01002

Introdución ao Turismo/662G01009

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías